15. La licencia municipal. Tipos. Actividades sometidas a licencia. Tramitación.

16. Función pública local. Su organización. Adquisición y pérdida de la condición de funcionario. Derechos, deberes e incompatibilidades de los funcionarios. Situaciones administrativas.

17. Ley orgánica de fuerzas y cuerpos de seguridad. Funciones de la Policía Local.

18. Ley de coordinación de las policías locales de Galicia y normas de desarrollo. Régimen disciplinario: disposiciones generales y faltas disciplinarias.

19. La actividad de la Policía Local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venta ambulante. Espectáculos y establecimientos públicos.

20. La actividad de la Policía Local como policía administrativa II: urbanismo. Infracciones y sanciones. La protección ambiental: prevención y calidad ambiental, residuos y disciplina ambiental.

21. La Ley de emergencias de Galicia.

22. Delitos y faltas. Circunstancias modificativas de la responsabilidad criminal. Personas responsables: autores y cómplices. Grados de perfección del delito.

23. Delitos cometidos con ocasión del ejercicio de los derechos fundamentales y de las libertades públicas garantizados por la Constitución. Delitos cometidos polos funcionarios públicos contra las garantizabas constitucionales.

24. Delitos contra la Administración pública. Atentados contra la autoridad y sus agentes. Desórdenes públicos.

25. Homicidio y sus formas. Faltas contra las personas. Delitos y faltas contra el patrimonio y la orden socioeconómica.

26. Delitos contra la seguridad vial. Faltas cometidas con ocasión de la circulación de vehículos de motor. Lesiones y daños imprudentes.

27. El atestado policial en la Ley de enjuiciamiento criminal. Concepto y estructura.

28. Detención: concepto, clases y supuestos. Plazos de detención. Deberes del funcionario que efectúa una detención. Contenido de la asistencia letrada. Derecho del detenido. Responsabilidades penitenciarias en las que puede incurrir el funcionario que efectúa una detención. El procedimiento del hábeas corpus.

29. Ley de seguridad vial. Reglamentos de desarrollo. Estructura y conceptos generales.

30. Normas generales de circulación: lugar en la vía, velocidad, prioridad de paso. Cambios de dirección y sentido. Adelantamientos. Parada y estacionamiento. Vehículos y transportes especiales. Cinturón y casco de seguridad.

31. Circulación por zonas peatonales. Comportamiento en caso de emergencia. Señales de circulación. Clasificación y orden de prioridad.

32. Procedimiento sancionador por infracciones a la normativa de circulación. Actuaciones complementarias. Inmovilización y retirada de vehículos de la vía pública. Carencia del seguro obligatorio.

33. Accidentes de circulación: definición, tipos y actuaciones de la Policía Local. Alcoholemia. Datos. Su consideración según la normativa vigente. Procedimiento de indagación del grado de impregnación alcohólica.

34. Estructura económica y social de Galicia: demografía, economía, servicios públicos, sociedad civil, nuevas tecnologías, patrimonio ecológico, social y cultural.

35. Vida en sociedad. Proceso de socialización. Formación de grupos sociales y masas. Procesos de exclusión e inclusión social. La delincuencia: tipologías y modelos explicativos.

36. Comunicación: elementos, redes, flujos, obstáculos. Comunicación con superiores y subordinados. Equipos de trabajo y atención a la ciudadanía.

37. Minorías étnicas y culturales. Racismo y xenofobia. Actitud policial ante la sociedad intercultural.

38. Igualdad de oportunidades de hombres y mujeres en Galicia: conceptos básicos; socialización e igualdad; políticas públicas de igualdad de género. Violencia contra las mujeres: descripción, planes de erradicación y atención coordinada a las víctimas.

39. La Policía en la sociedad democrática. El mandato constitucional. Valores que propugna la sociedad democrática. La dignidad de la persona. Sentido ético de la prevención y la represión.

40. Deontología policial. Normas que la establecen. La Policía como servicio público.

#### Anexo II

##### Modelo de instancia

D. ..., con DNI n.º ..., y domicilio a efectos de notificación en ..., municipio ..., con teléfono .... Otros datos personales: fecha de nacimiento ...; lugar de nacimiento ...; provincia ...; títulos académicos ....

##### Expongo

Primero: que, vi la convocatoria anunciada en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense n.º..., de fecha ..., y en relación con la convocatoria de la siguiente plaza:

- Policía local. Perteneciente a la plantilla de puestos de trabajo reservados a funcionarios de carrera, administración especial, subescala de servicios especiales, clase Policía Local. Grupo C1.

- Número de vacantes: una.

- Sistema de selección: oposición libre.

Segundo: que reúno todas y cada una de las condiciones exigidas referidas a la fecha de expiración del plazo de presentación de la instancia, a tal fin entrego la siguiente documentación especificada en la base tercera de la convocatoria:

Fotocopia autenticada del DNI.

Declaración responsable de que reúno todos y cada uno de los requisitos exigidos en la convocatoria para el puesto de trabajo al que aspiro.

Declaración responsable de no haber sido separado mediante expediente disciplinario de cualquier administración pública.

Certificado médico en el que se hace constar expresamente que reúno las condiciones físicas y sanitarias necesarias y suficientes para la realización de los ejercicios físicos que figuran especificados en la correspondiente prueba de la fase de oposición.

Declaración responsable de portar armas durante el servicio y, en su caso, llegar a utilizarlas, en los casos y circunstancias legalmente establecidas.

Tercero: que declaro conocer las bases generales de la convocatoria relativas a las pruebas de selección.

Por todo esto, solicito:

Que se admita mi solicitud para las pruebas de selección de personal referenciada, comprometiéndome a prestar juramen-



to o promesa previos al desempeño del cargo, en la forma legalmente establecida.

Maceda, .... de.... de 2010. El solicitante.

Fdo.:...

Alcalde del Ayuntamiento de Maceda.

La presente convocatoria, sus bases y todos los actos administrativos que de ésta se deriven, o de la actuación del tribunal, podrán ser impugnados por los interesados en los casos y en la forma previstos en la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, del régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común.

Maceda, 18 de junio de 2010. El alcalde.

Fdo.: Francisco Xabier Oviedo Rodríguez.

R. 2.995

## Oímbra

### Edicto

Por medio deste edicto publícase que a Xunta de Goberno Local deste concello, na sesión extraordinaria con data 1 de xullo de 2010 aprobou o seguinte proxecto técnico da obra incluída no Plan provincial base de 2010:

- Beirarrúas e mellora das redes de saneamento, abastecemento e iluminación pública no Rosal. Orzamento de execución por contrata de 42.370,00 euros. Prazo de execución de 3 meses. Obra n.º 51 do devandito plan. Autora do proxecto técnico, a arquitecta dona Pilar Montaña Iglesias, colexiada n.º 3.593, e visado o proxecto polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data do 29.6.2010.

Este proxecto expónse ó público na secretaría deste concello, durante o prazo de 15 días hábiles, que empezarán a contar a partir do día seguinte ó da publicación deste edicto no BOP de Ourense, para que durante o dito prazo os interesados poidan examinalo e presentar alegacións ou reclamacións contra este.

Oímbra, 5 de xullo de 2010. O alcalde.

Asdo.: Alfonso Villarino Rodríguez.

### Edicto

Por medio del presente edicto se publica que la Junta de Gobierno Local de este ayuntamiento, en la sesión ordinaria del día 1 de julio de 2010 aprobó el siguiente proyecto técnico de la obra incluída en el Plan provincial base de 2010:

- Aceras y mejora de las redes de saneamiento, abastecimiento y alumbrado público en O Rosal. Presupuesto de ejecución por contrata de 42.370,00 euros. Plazo de ejecución de 3 meses. Obra n.º 51 del citado plan. Autora del proyecto técnico, la arquitecta doña Pilar Montaña Iglesias, colegiada n.º 3.593, y visado el proyecto por el Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia, con fecha 29.6.2010.

Este proyecto se expone al público en la secretaría de este ayuntamiento, durante el plazo de 15 días hábiles, que empezarán a contar a partir del día siguiente al de la publicación del presente edicto en el BOP de Ourense, para que durante dicho plazo los interesados puedan examinarlo y presentar alegaciones o reclamaciones contra éste.

Oímbra, 5 de julio de 2010. El alcalde.

Fdo.: Alfonso Villarino Rodríguez.

R. 3.215

## Oímbra

### Edicto

Unha vez detectado un erro na publicación realizada no BOP do día 1 de xullo de 2010, n.º 148, relativo á aprobación definitiva do orzamento do ano 2010 deste concello, e a súa publicación do resumo por capítulos, procede efectuar a seguinte rectificación de erros, e onde di "Estado de ingresos, capítulo 3, taxas e outros ingresos ... 126.300,00", debe de dicir, "Estado de ingresos, capítulo 3, taxas e outros ingresos ...126.400,00".

Oímbra, 2 de xullo de 2010. O alcalde.

Asdo.: Alfonso Villarino Rodríguez.

### Edicto

Una vez detectado un error en la publicación realizada en el BOP del día 1 de julio de 2010, n.º 148, relativo a la aprobación definitiva del presupuesto del año 2010 de este ayuntamiento, y su publicación del resumen por capítulos, procede efectuar la siguiente rectificación de errores, y donde dice "Estado de ingresos, capítulo 3, tasas y otros ingresos ... 126.300,00", debe de decir, "Estado de ingresos, capítulo 3, tasas y otros ingresos ... 126.400,00".

Oímbra, 2 de julio de 2010. El alcalde.

Fdo.: Alfonso Villarino Rodríguez.

R. 3.149

## Rairiz de Veiga

### Anuncio

A Xunta de Goberno Local aprobou o día 30.06.2010 a oferta de emprego público para o ano 2010, co seguinte detalle:

- Persoal laboral

Nivel de titulación; Denominación do posto; N.º de vacantes  
Diplomatura universitaria ou equivalente; Traballador social; 1  
Diplomatura universitaria ou equivalente; Axente de emprego e desenvolvemento local; 1

Bacharelato, formación profesional de 2º grao ou equivalente; Encargado da Oficina Municipal de Información Xuvenil e biblioteca ; 1

Rairiz de Veiga, 5 de xuño de 2010. O alcalde.

Asdo.: Xosé Xaquín Rodríguez Ambrosio.

### Anuncio

La Junta de Gobierno Local aprobó el día 30.06.2010 la oferta de empleo público para el año 2010, con el siguiente detalle:

- Personal laboral

Nivel de titulación; Denominación del puesto; N.º de vacantes

Diplomatura universitaria o equivalente; Trabajador social; 1  
Diplomatura universitaria o equivalente; Agente de empleo y desarrollo local; 1

Bachillerato, formación profesional de 2º grado o equivalente; Encargado Oficina Municipal de Información Juvenil y biblioteca ; 1

Rairiz de Veiga, 5 de julio de 2010. El alcalde.

Fdo.: Xosé Xaquín Rodríguez Ambrosio.

R. 3.233



## Xinzo de Limia

### Edicto

O Pleno, en sesión do 29.04.10, aprobou a modificación da Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar e logo de expoñela ó público sen que se presentasen reclamacións, queda definitivamente aprobada e publícanse os artigos modificados, de conformidade co previsto no artigo 17.4 do Real decreto lexislativo 2/2004.

Contra o acordo aprobatorio, que esgota a vía administrativa, poderase interpor un recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do TSXG, no prazo de dous meses contados a partir desta publicación, tal e como sinala o artigo 19 do Real decreto lexislativo 2/2004.

Ordenanza reguladora do funcionamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Xinzo de Limia

#### Exposición de motivos

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, atribúelles competencias ós concellos en materia de servizos sociais e a obrigatoriedade de prestalos ós municipios de máis de 20.000 habitantes, segundo os artigos 25.2 K e 26.1.c. Así mesmo establécese o art. 81.c da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

O Decreto 240/1995, do 28 de xullo, polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria, no artigo 4.1.a) atribúelle-las competencias ós concellos para a creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria, e nos artigos 12, 13 e 14 define o programa de axuda no fogar, o tipo de prestacións para desenvolver e os beneficiarios.

Recentemente foi aprobada a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que regula o dereito de tódalas persoas ós servizos sociais, correspondéndolles ós poderes públicos garanti-lo dito dereito, e posibilitar que as liberdades e igualdades entre os individuos sexan reais e efectivas tal e como contempla a Constitución española no seu artigo 9.3.

Por outra parte, o Plan concertado para o desenvolvemento das prestacións básicas de servizos sociais nas corporacións locais, regula a súa función xeral e, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, fixa o marco entendendo por tal, servizos e actuacións de natureza material ou tecnolóxica. No seu artigo 11.1.f) atribúe como unha das funcións dos Servizos Sociais comunitarios básicos a xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garanti-la autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte aplicable.

A Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, trala publicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como a demais normativa estatal e autonómica que desenvolve a devandita lei, obriga a unha adaptación e integración de novos elementos nas ordenanzas municipais reguladoras do servizo de axuda no fogar, entre eles, a modificación da participación das persoas beneficiarias no custo dos servizos, as intensidades das prestacións, así como modificacións no procedemento, resolucións das concesións, modalidades de acceso ó servizo, etc.

A nova normativa reguladora esixe a configuración dun novo modelo de axuda no fogar que complemente e amplíe a súa acción protectora, co fin de promover e dota-los recursos necesarios para facer efectivo un servizo de axuda no fogar de calidade e garantía.

## Capítulo I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1.- Obxecto

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar do Concello de Xinzo de Limia, como programa básico de actuación dos servizos sociais comunitarios básicos de carácter municipal, así como a súa adaptación á normativa vixente.

#### Artigo 2.- Definición

O servizo de axuda no fogar (en adiante SAF) trata de prestar un conxunto de atencións desde unha perspectiva integral e normalizadora ós cidadáns e ás cidadás no seu domicilio, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desintegración familiar, facilitando a permanencia no seu propio contorno de convivencia e evitando así o seu internamento.

#### Artigo 3.- Finalidade e obxectivos

A finalidade do SAF é mellora-la calidade de vida das persoas que viven nos seus domicilios e requiran algún tipo de apoio para a realización das tarefas básicas da vida diaria. Trátase dun conxunto de intervencións profesionais, de carácter preventivo, rehabilitador e asistencial, planificadas, coordinadas e supervisadas polo persoal técnico designado dos servizos sociais de atención primaria e desenvoltas por persoal cualificado.

O servizo debe uni-lo esforzo das persoas usuarias, da súa familia, veciñas e veciños e amizades, dos servizos públicos e privados, das persoas voluntarias, etc., é dicir, o esforzo da comunidade no seu conxunto, para proporciona-lo benestar desexado mantendo o maior grao de autonomía.

Nunca se lle fará á persoa aquilo que poida facer por si mesma, xa que, do contrario, se iría incapacitando, causándolle dependencia en lugar de autonomía. Por outra banda, non se deberá substituí-la familia na súa responsabilidade senón que, pola contra, se estimulará na atención á persoa usuaria.

Os principios fundamentais que se deben dar na atención son: a individualización, o respecto, a aceptación de toda persoa e o recoñecemento do dereito inalleable a programa-la súa propia vida e a tomar decisións que lle afecten, é dicir, a súa autodeterminación e relación persoal.

O SAF ten como obxectivos xerais:

1) Mellora-la calidade de vida das persoas usuarias.

2) Posibilita-la permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual, retardando ou evitando na medida do posible a súa institucionalización.

Os obxectivos específicos do SAF son:

1) Fomentar e optimiza-las destrezas, capacidades e habilidades persoais e familiares que permitan o máximo grao de autonomía.

2) Manter, mellorar e recupera-lo equilibrio persoal do individuo fortalecendo a colaboración coas redes naturais de apoio, especialmente da familia, así como da veciñanza e amizades, previndo posibles problemas de afastamento e soidade.

3) Atender situacións conxunturais de crise persoal e/ou familiar que afecten á autonomía persoal ou social.

4) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.

5) Apoiar e complementa-lo labor da familia en situacións de sobrecarga derivadas da atención de persoas dependentes ou de crise familiar.

6) Favorece-la conciliación da vida familiar e laboral e o respiro familiar.

7) Ofrecer apoio e orientación ós cuidadores de persoas con dependencia.

8) Potencia-la utilización de recursos comunitarios.





9) Axudar á familia a asumir as súas responsabilidades con respecto á atención dalgún membro que o necesite.

10) Promover na medida do posible formas de apoio social comunitario de tipo voluntario.

#### Capítulo II

#### Tipoloxía das prestacións

#### Artigo 4.- Contido do servizo

Tódalas atencións, actividades e tarefas ás que se fai referencia neste artigo, aplicaranse sempre con carácter complementario das propias capacidades das persoas usuarias ou doutras persoas do seu contorno inmediato. Non se substituirán as tarefas que a persoa usuaria poida realizar, nin se suplantarán as responsabilidades familiares.

As ditas atencións deseñaranse e implementaranse en consenso coa persoa usuaria, gardador de feito ou representante legal e sempre de conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais que en cada caso corresponda.

As actividades que se van desenvolver dende o SAF poderán ser complementarias doutras intervencións realizadas polos distintos profesionais doutros programas e proxectos dos servizos sociais.

1. No marco do SAF poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

A) Atencións de carácter persoal. Fai referencia a todas aquelas atencións dirixidas á persoa usuaria do servizo cando non poida realízalas por si mesma ou cando precise apoio e/ou axuda para o desenvolvemento das seguintes actividades:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse, especialmente nos casos de persoas usuarias afectadas por problemas de incontinencia, mobilidade e/ou deterioro cognitivo.
- Control do réxime alimentario e axuda, de se-lo caso, para alimentarse.

- Supervisión, cando proceda, na toma de medicación e administración de medicamentos simples prescritos polo facultativo correspondente, acompañado todo iso por unha observación xeral do estado de saúde da persoa usuaria.

- Apoio para cambios posturais, mobilizacións e orientación espazo-temporal no fogar.

- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas, tratamentos ou outras xestións valoradas e supervisadas adecuadamente polos servizos sociais.

- Calquera outra atención de carácter persoal, específico e/ou urxente necesaria para acadar a finalidade do servizo e valorada polos servizos sociais.

B) Atencións de carácter doméstico e da vivenda. Enténdense como tales aquelas actividades e tarefas que se teñen que desenvolver no domicilio da persoa usuaria referidas a:

- Limpeza básica da vivenda que permita desenvolver, nunhas condicións minimamente normalizadas de habitabilidade, as actividades básicas da vida diaria.

- Adquisición de alimentos e outras compras por conta da persoa usuaria.

- Preparación básica de alimentos no fogar.

- Lavar, pasa-lo ferro e repasar e ordena-la roupa.

- Limpeza básica e mantemento da hixiene e salubridade na vivenda.

- Pequenos arranxos básicos e elementais na vivenda.

- Calquera outra tarefa necesaria para o normal funcionamento do domicilio da persoa usuaria e valorada adecuadamente polos servizos sociais.

Estas atencións poderán ser facilitadas por outros servizos complementarios existentes, de titularidade municipal ou dou-

tras administracións (lavandería, alimentación a domicilio, etc.), podendo instar-los/as traballadores/as sociais dos servizos sociais ó uso dos ditos servizos para a optimización dos recursos de persoal e carga horaria existentes no SAF.

C) Atencións de carácter psicosocial e educativo. Intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ó desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar, tanto da persoa usuaria, coma da persoa cuidadora habitual:

- Organización doméstica.

- Axuda á integración e socialización da persoa usuaria co contorno.

- Mellora dos hábitos da vida diaria no fogar (orde, limpeza, hábitos saudables, prevención de riscos no fogar, priorización na realización das actividades, etc.).

- Adestrar na realización das actividades da vida cotiá no contorno doméstico que potencien a autonomía da persoa usuaria.

- Apoio na organización do orzamento familiar.

- Apoio e orientación nos cambios da dinámica familiar e na estruturación familiar relacionados coa súa normalización.

- Fomenta-las habilidades persoais e sociais e reforza-las existentes.

- Facilitar actividades de ocio no propio fogar.

- Axudar no manexo da correspondencia, electrodomésticos, utensilios, etc.

- Fomenta-la comunicación coa persoa usuaria durante o tempo que dure a prestación como complemento e reforzo para a consecución dos obxectivos fixados.

- Calquera outra tarefa necesaria para o desenvolvemento das capacidades persoais, de convivencia e de relación co contorno, valorada adecuadamente polos Servizos Sociais.

D) Atencións de carácter técnico e complementario. Inclúense aquelas xestións ou actuacións que se avalíen precisas e axeitadas, ben para a posta en funcionamento do servizo, ben para a mellora das condicións deste, ou para permitir, co apoio de novas tecnoloxías, unha atención inmediata en situación de crise ou emerxencia, coa aplicación de recursos tales como a teleasistencia, teleseguimento e/ou axudas técnicas. Así mesmo tamén se contemplan outras actuacións encamiñadas á adecuación funcional do fogar, prestacións dos servizos de podoloxía e/ou fisioterapia.

En todo caso as atencións de carácter técnico e complementario están directamente relacionadas coa dispoñibilidade orzamentaria en cada exercicio e coa normativa vixente en cada momento que defina a posibilidade da súa prestación.

Neste apartado tamén se inclúen as actividades de acompañamento no propio domicilio da persoa usuaria como medida de consecución dos obxectivos fixados e que, segundo cada caso particular, poden combinarse con diversas atencións de carácter psicosocial e educativo.

Poderán integrarse dentro do SAF, ademais das atencións referidas con anterioridade, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e a calidade de vida.

En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- A realización de actividades que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.



- Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

#### Capítulo III

Persoas destinatarias. Dereitos e deberes

##### Artigo 5.- Persoas destinatarias

O SAF é un servizo dirixido a tódalas persoas ou unidades de convivencia empadroadas, con residencia real e efectiva no Concello de Xinzo de Limia en situación de necesidade de especial atención, é dicir, aquelas persoas ou unidades de convivencia que, polas súas capacidades físicas, psíquicas ou sensoriais, socioeconómicas ou familiares, teñan seriamente limitada a súa autonomía persoal e a súa capacidade de relación social, e que precisen dalgunhas das atencións establecidas no artigo 4ª desta ordenanza, avaliadas polos servizos sociais.

Os perfís das persoas destinatarias están relacionados coa vía de acceso ó SAF:

##### 1) Acceso ó SAF por dependencia:

O acceso ó servizo será directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa individual de atención, consonte co establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, así como á Orde do 17 de decembro de 2007, pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas, sen prexuízo de que, segundo a capacidade do propio servizo, se lle poida asignar praza efectiva ou paso á lista de agarda.

##### 2) Acceso ó SAF por libre concorrancia:

Ademais, poderán ser potenciais persoas usuarias aquelas que, sen teren recoñecida valoración de dependencia ó abeiro da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, presenten unha situación persoal ou familiar encadrada nos seguintes perfís:

a) Persoas con algún tipo de limitación física, psíquica ou sensorial e con déficit de autonomía persoal para a realización das actividades básicas da vida diaria, ás que o SAF lles permita mellora-lo seu nivel de desenvolvemento persoal e a súa autonomía na vivenda habitual.

b) Familias que teñen persoas maiores con algún tipo de doenza, persoas con discapacidades ou enfermos crónicos ó seu cargo e que precisan axuda para poder atendelos adecuadamente por incapacidade derivada do propio estado de saúde das persoas coidadoras, por problemáticas derivadas da conciliación da vida familiar laboral ou como medida para logralo correspondente respiro familiar.

c) Persoas afectadas por unha lesión, patoloxía física ou psíquica de carácter temporal ou outro tipo de circunstancias debidamente acreditadas, e que precisen das prestacións do SAF.

d) Persoas e familias con grave risco de desestruturación.

e) Familias con menores ós que haxa que coidar ou atender en tarefas puntuais por ausencia dos pais ou titores, ou cando estes, por circunstancias provisionais de enfermidade ou outros motivos, non poidan exercer-las ditas tarefas e proporcionarlles os coidados e atencións axeitadas.

f) Outras situacións persoais ou familiares que presenten situacións de risco e/ou exclusión social.

En xeral, poderán ser persoas usuarias do SAF aquelas persoas e/ou familias nas que existe unha situación de necesidade de

atención e que, de acordo coa valoración dos servizos sociais, lles supoña o SAF o recurso idóneo de atención.

Son requisitos xerais que deben reuni-las persoas beneficiarias:

a) Que non reciban un servizo análogo doutra institución ou entidade para o mesmo fin.

b) Que non teñan familiares con obrigas legais de prestar alimento segundo o Código civil ou, se existen estes, que se neguen a cumprir esta obriga, residan fóra do termo municipal, ou estean imposibilitadas/os para facerse cargo das atencións da/o beneficiaria/o, tanto a nivel económico como persoal.

c) Que non presenten un estado de deterioración física ou psíquica tal que necesiten máis un internamento asistido e continuado que o SAF.

d) Que reúnan as condicións persoais, sociais, económicas, etc., que figuran nos baremos establecidos.

##### Artigo 6.- Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lles recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, de se-lo caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade.

2. A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración que en cada caso se determine en consenso cos servizos sociais.

3. A coñece-la organización e o Regulamento do SAF.

4. A coñece-la situación do seu expediente.

5. Ó tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

6. A recibir información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do SAF.

7. A presentar suxestións e/ou queixas no Departamento de Servizos Sociais cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a prestación efectiva do SAF.

##### Artigo 7.- Deberes das persoas usuarias

As persoas usuarias do servizo, no marco dos deberes que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, de se-lo caso, sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

1. Ter residencia real e efectiva e estar empadroadas no Concello de Xinzo de Limia.

2. Achegar canta información lle sexa solicitada polos servizos sociais municipais en orde á avaliación das circunstancias persoais, familiares e sociais que poidan determina-la necesidade da prestación do servizo.

3. Adoptar unha actitude colaboradora e manter un trato correcto no desenvolvemento da prestación do SAF, respectando a dignidade persoal e profesional das persoas que prestan o servizo, así como os límites das súas obrigas laborais.

4. Non dar ordes ás/ós auxiliares do SAF posto que xa existe un acordo entre as partes coas tarefas preestablecidas.

5. A persoa usuaria debe permanecer no domicilio mentres se lle presta o SAF. Se por calquera motivo a persoa non se encontra no domicilio no horario de atención, a auxiliar está autorizada a esperar 10 minutos como máximo, tempo no que se vería reducido o servizo se finalmente se prestase para non afectar ás demais persoas usuarias que reciben o servizo esa xornada. En todo caso, a auxiliar deberá poñer en coñecemento do/a traballador/a social que corresponda a incidencia, que se fose reiterada sen motivo xustificadísimo podería ser motivo de baixa do servizo.

6. A persoa usuaria será flexible en canto a unhas marxes lóxicas de variabilidade nos horarios de entrada no seu fogar para



a realización do servizo. Diversas circunstancias alleas ó control da auxiliar (tráfico ou incidencias na estrada, inclemencias meteorolóxicas, avaría do vehículo, situación de urxencia nou tro fogar, etc.) así o favorecen. En todo caso non debe incidir na duración da prestación que deberá ser a acordada.

7. Os contactos co/a auxiliar do SAF referidos ó propio servizo, fóra do horario laboral no seu domicilio, deben realizarse sempre a través do/a traballador/a social de referencia.

8. Non facer preguntas ó persoal do SAF sobre datos persoais nin realizar comentarios con terceiras persoas sobre aspectos que coñezan da súa vida privada.

9. Non requirirá as atencións da auxiliar unha vez rematada a franxa horaria asignada para a realización das tarefas acordadas.

10. No caso que se realicen acompañamentos fóra do domicilio para xestións adecuadamente valoradas polos Servizos Sociais, a persoa usuaria deberá obter os medios axeitados para realiza-lo desprazamento, sendo tarefa da/o auxiliar de axuda no fogar unicamente acompañar-la dita persoa.

11. Se a persoa usuaria rexeita a auxiliar do SAF que se lle asigne, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de espera ata que outro/a auxiliar a poida atender. Cando por circunstancias xustificadas, e coa finalidade de mellora-la calidade na prestación do servizo, fose preciso realizar un cambio de horario ou substitución dunha auxiliar do SAF, é potestade do Concello de Xinzo de Limia realiza-lo dito cambio previa audiencia da persoa usuaria.

12. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando a execución das tarefas da auxiliar do SAF.

13. Non se poderán realizar cambios de horario, tarefas etc., sen a pertinente autorización dos Servizos Sociais municipais.

14. Colaborar, na medida das súas capacidades, no desenvolvemento do servizo e nos termos acordados ó inicio da prestación do SAF, tanto a persoa usuaria, como outros familiares.

15. Para a realización das tarefas acordadas, a persoa usuaria deberá dispor ou proverse dos medios materiais e técnicos e equipamentos necesarios que permitan realizalas en condicións normalizadas, contando, se é preciso, co asesoramento dos Servizos Sociais municipais.

16. Se se precisase realizar unha supervisión ou administración de medicación simple ou realización dunha cura básica, é necesario que a persoa usuaria achegue un informe do facultativo ou responsable de enfermería co tratamento e pautas precisas.

17. Informar, coa maior brevidade posible, dos cambios de calquera circunstancia que impliquen unha modificación na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal, familiar, etc. que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.

18. Informar á maior brevidade posible, en circunstancias ordinarias e previsibles, das ausencias do domicilio que impidan a realización das tarefas acordadas.

19. Comunica-las ausencias temporais do domicilio que requiran unha suspensión temporal do servizo, con un mínimo de 10 días hábiles de antelación.

20. Facilita-lo seguimento, control e avaliación do desenvolvemento do SAF polos Servizos Sociais municipais.

21. Participar no pagamento do SAF, se fose o caso, nos termos que figuren na resolución da concesión do servizo, debendo aboa-lo prezo público correspondente segundo a normativa aplicable a tales efectos.

22. Calquera queixa ou suxestión da persoa usuaria respecto do servizo deberá poñelo en coñecemento do/a traballador/a social responsable do seu expediente.

23. As persoas usuarias presentarán, nos servizos sociais municipais, no período que se estableza, a documentación requirida para os efectos de revisión e continuidade do servizo.

24. O SAF non elimina nin substitúe as actividades que a propia persoa usuaria poida realizar e en ningún caso suplantarás as responsabilidades familiares.

O incumprimento destes deberes pode ser motivo de baixa no SAF.

#### Capítulo IV

#### Acceso, prestación e organización do servizo

#### Artigo 8.- Modalidades de acceso ó SAF

1. O acceso ó SAF producirase a través dos Servizos Sociais comunitarios básicos de carácter municipal, de acordo coas seguintes modalidades:

##### A) Acceso por dependencia:

Terán prioridade de acceso directo ó SAF as persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia coa correspondente resolución de grao e nivel de dependencia e resolución de programa individual de atención que recolla o SAF como recurso asignado, e/ou segundo as instrucións e normativa vixente en cada momento.

O recurso do SAF pode resolverse favorable como servizo principal, como complemento a outro servizo ou como respiro familiar. En todo caso as intensidades máximas de atención virán fixadas no programa individual de atención, sen prexuízo do acordo que acorden a persoa usuaria ou representante legal cos servizos sociais municipais en función das necesidades, da valoración técnica e da dispoñibilidade do servizo en ese momento.

O establecemento dos toques máximos das intensidades das prestacións quedarán sempre supeditadas á normativa vixente en cada momento da Administración Autonómica.

A temporalidade é indefinida mentres se manteñan as condicións que deron lugar á alta no SAF.

O horario de prestación do SAF de Dependencia será, con carácter xeral, de 9 a 21.30 horas, de luns a domingo tódolos días do ano, excepto os días 24 e 31 de decembro e días festivos establecidos no calendario laboral. O Concello de Xinzo de Limia poderá modifica-lo horario de prestación coa finalidade de optimiza-lo funcionamento do SAF.

O Concello de Xinzo de Limia poderá asignar unha ou máis auxiliares de axuda no fogar a cada caso en función do proxecto de intervención individual e da organización xeral do SAF.

As atencións nos domicilios poderanse dividir como máximo en tres desprazamentos cunha duración mínima dunha hora cada un.

En todo caso, teranse en conta os criterios e xustificacións técnicas que busquen a optimización do tempo, a calidade do servizo e o mantemento dos intereses xerais de tódalas persoas usuarias.

O Concello de Xinzo de Limia consignará nos seus orzamentos as cantidades necesarias para garanti-la viabilidade dos servizos da súa competencia, podendo complementarse coas achegas doutras administracións e coas achegas das persoas usuarias en función da súa capacidade económica.

##### B) Acceso por libre concorrencia:

B.1) Acceso para aquelas persoas que non teñen recoñecida a valoración de dependencia ó abeiro da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, ou non lles asista o dereito de acceso efectivo ó catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na devandita lei, se enmarquen nalgún dos perfís referi-



dos no artigo 5.2, e exista valoración favorable por parte dos Servizos Sociais municipais.

Estas persoas terán un prazo máximo de 3 meses para solicitarlle á Administración competente a valoración do grao e nivel de dependencia e continua-lo procedemento oportuno, se fose o caso.

A temporalidade é definida e suxeita a revisión. A intensidade de atención definirase trala correspondente valoración técnica, cun máximo de 5 horas semanais en función das tarefas implementadas. En circunstancias excepcionais e limitadas no tempo podería elevarse a un máximo de 10 horas de atención semanais.

O horario de prestación do SAF de libre concorrencia será, con carácter xeral, de luns a venres en días laborais de 9 a 21.30 horas. O Concello de Xinzo de Limia poderá modifica-lo horario de prestación coa finalidade de optimiza-lo funcionamento do SAF.

No acceso por libre concorrencia empregárase un baremo determinado (anexo I) no que, ademais dos posibles déficits de autonomía da persoa, se valoren factores de carácter persoal e sociofamiliar, apoio social, situación da vivenda e outros que dificulten obxectivamente a súa normalización e a calidade de vida.

#### B.2) Acceso por urxencia sobrevida.

O acceso por urxencia sobrevida dentro da modalidade de acceso por libre concorrencia permitirá inicia-la prestación do SAF nun prazo non superior a 3 días laborais, establecéndose unha alta provisional, trala correspondente valoración técnica. Á maior brevidade posible a persoa usuaria, gardador de feito ou representante legal debe facilita-la información e achega-la documentación precisa, así como acepta-lo aboamento dos prezos públicos que correspondesen se fose o caso para mante-lo servizo.

A extensión da prestación, para as persoas usuarias cuxa vía de acceso ó SAF é por libre concorrencia, incluído o acceso por urxencia sobrevida dentro desta modalidade, virá condicionada polas posibilidades orzamentarias do programa consignadas polo Concello de Xinzo de Limia, podendo complementarse coas achegas doutras administracións e coas achegas das persoas usuarias en función da súa capacidade económica.

2. Cando por este carácter limitativo dos orzamentos non sexa posible a atención de tódalas persoas solicitantes, establecerase unha lista de espera cunha orde de prelación en función da puntuación obtida na aplicación do baremo establecido. No caso de que coincidan en puntuación daráselle prioridade a aquelas solicitudes presentadas en primeiro lugar no rexistro de entrada do concello de Xinzo de Limia.

#### Artigo 9.- Formas de prestación do SAF

1. O servizo público de axuda no fogar prestarao directamente o Concello de Xinzo de Limia. En todo caso, en función das necesidades emerxentes do servizo, da optimización dos recursos existentes e da súa organización pode prestarse tamén mediante diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos reguladas na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas con ou sen ánimo de lucro debidamente autorizadas.

2. As entidades privadas con ou sen ánimo de lucro poderán realiza-la prestación dun servizo privado de axuda no fogar en réxime de libre mercado sempre que cumpran os requisitos de autorización e acreditación legalmente establecidos, segundo o recollido no artigo 10.

3. As entidades privadas con ou sen ánimo de lucro non poderán subcontrata-la execución da prestación principal do SAF, entendendo por tal a atención regular e continuada realizada no fogar da persoa ou unidade de convivencia usuaria, en apli-

cación do proxecto de intervención deseñado para cada caso. Non obstante, poderanse subcontratar prestacións complementarias do servizo, entendendo por tales aquelas que teñan carácter non regular, as que se poidan executar fóra do domicilio e as que reforcen a atención regular por medios técnicos ou humanos especializados.

4. Ademais, sen prexuízo do establecido no número 1 deste artigo, os servizos poderán ser prestados mediante fórmulas de colaboración institucional entre as administracións competentes ou por entidades de dereito público, de acordo co establecido na lexislación vixente.

#### Artigo 10.- Réxime xeral de autorización e inspección

1. Tódalas entidades prestadoras de servizos sociais, públicas ou privadas, con ou sen ánimo de lucro, que desenvolvan o programa de axuda no fogar, deberán estar debidamente autorizadas de conformidade co establecido no Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e centros de servizos sociais.

2. Así mesmo, estarán suxeitas á inspección e ó réxime sancionador vixente en materia de servizos sociais.

3. As entidades que presten servizos de atención a persoas en situación de dependencia deberán acreditarse de conformidade co disposto na Lei 39/2006, do 14 de decembro, e o Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e centros de servizos.

#### Artigo 11.- Organización do SAF

O SAF está integrado nos servizos sociais comunitarios básicos de carácter municipal e establécese con organización propia, reservándose ó Concello de Xinzo de Limia a competencia exclusiva das funcións de planificación, programación, dirección técnica do servizo, coordinación, execución, seguimento, supervisión, control e avaliación deste; así como a recepción, avaliación e resolución das solicitudes.

O SAF será coordinado por un/unha traballador/a social do Concello de Xinzo de Limia designado para tal fin, que ten entre outras funcións:

1. Realiza-la programación e avaliación xeral.
2. Deseña-los instrumentos de sistematización e xestión.
